

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 20 DE MAIO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da estrada AC-195 (Betanzos(antiga N-VI)-Betanzos(AC-840) (avda.Fraga Iribarne) e a avda. García Naveira e avda. Linares Rivas, a prol do Concello de Betanzos

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual na resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se establecen as bases reguladoras do programa de bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior para a realización de estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios e estudos de formación profesional en Galicia para o curso académico 2010-2011
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e do Medio Rural e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil e prevención e extinción de incendios forestais
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o desenvolvemento da Administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Forcarei, para a execución da obra “Colectores xerais e estación depuradora de augas residuais de Forcarei. Concello de Forcarei (Pontevedra)”, Clave OH.336.914, por importe dun millón trescentos catorce mil seiscientos cincuenta euros con cincuenta e seis céntimos (1.314.650,56 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Antas de Ulla, para a execución da seguinte actuación: acondicionamento e dotación de servizos do camiño vello de Vilane e a rúa Seoane no contorno da capitalidade do municipio, por importe de trescentos noventa e nove mil oitocentos vinte e seis euros con cincuenta e cinco céntimos (399.826,55 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Bande, para a execución da seguinte actuación: “Urbanización e instalación de luz pública de alta eficiencia enerxética no parque do concello”, por importe de douscentos vinte e nove mil novecentos noventa e nove euros con sesenta e seis céntimos (229.999,66 €)

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as empresas *Gas Natural SDG, S.A. Barras Eléctricas Galaico Asturianas, S.A. (BEGASA), a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (APYDE), Eléctrica de Alberguería, S.A., Eléctrica de Valdriz, S.L., Electro Manzaneda, S.L. e Saltos del Cabrera, S.L.*, para a mellora da calidade da subministración eléctrica de Galicia – 2010, por importe total de catro millóns trescentos sesenta e oito mil seiscientos oitenta e seis con seis céntimos (4.368.686,06 €)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer un único anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, regulada no convenio de colaboración entre esta consellería e a Universidade de Vigo, para a exploración da morfoestrutura singular de marxe continental de Galicia coñecida como O Gran Burato, por importe total de cento cincuenta mil euros (150.000 €)
- Acordo polo que se exime de constitución de garantías nos pagamentos anticipados nas axudas concedidas ao abeiro das bases reguladoras das axudas do Igape o Programa de apoio á innovación das pequenas e medianas empresas en Galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

(Programa Innoempresa), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto para a contratación das obras complementarias ao proxecto de renovación - reposición do CEIP Ramón Cabanillas, de Santiago de Compostela, por un importe total de cincocentos setenta e nove mil novecentos oitenta e catro euros e corenta e un céntimos (579.984,41 €)

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado coa Federación Frisona Galega (FEFRIGA) e as asociacións provinciais de control leiteiro (AFRICOR) da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, para a realización de probas para determinar a calidade xenética do gando vacún leiteiro no desenvolvemento do Programa galego de selección e mellora da raza frisona

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Protocolo de colaboración entre a Consellería do Mar, a Asesoría Xurídica Xeral e o Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga da Universidade da Coruña, coa finalidade de establecer un marco xurídico e institucional axeitado para impulsar a colaboración desde as perspectivas de asesoramento, docencia e investigación, en temas relacionados co dereito internacional e europeo do mar

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a aprobación inicial das directrices de ordenación do territorio

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre melloras nos trámites administrativos xerais en materia de aseguramento e asistencia sanitaria

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe sobre as actuacións transversais en materia de igualdade de xénero nas áreas de Traballo e Benestar

## A XUNTA DE GALICIA APROBA O TRASPASO DE TRES ESTRADAS NO MUNICIPIO CORUÑÉS DE BETANZOS A FAVOR DO CONCELLO

- *A entrega da vía formalizarase, no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega*


O Consello da Xunta aprobou esta mañá o cambio de titularidade polo que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas traspasa tres estradas a favor do Concello de Betanzos. Trátase da estrada AC-195, chamada avenida Fraga Iribarne, concretamente a Betanzos (antiga N-VI)-Betanzos (AC-840); a avenida García Naveira; e a avenida Linares Rivas. A entrega da vía formalizarase, no prazo de dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

O departamento que dirixe Agustín Hernández resolveu favorablemente este cambio, ao considerar que as ditas estradas adquiriron características urbanas. Este ditame foi comunicado ao Concello de Betanzos que manifestou a súa aceptación.

Nese senso, corresponderanlle ao concello coruñés todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das vías, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta





**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO PARA O  
PLURILINGÜISMO NO ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA**

O Goberno galego aprobou o Decreto para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia na reunión do Consello da Xunta celebrada hoxe.

Con este novo marco educativo, a actual Xunta de Galicia leva adiante o seu compromiso de garantir a competencia plena nas dúas linguas oficiais, a través dun equilibrio cuantitativo e cualitativo de galego e castelán en todas as etapas escolares. Ao mesmo tempo, aposta polo coñecemento progresivo de lingua(s) estranxeira(s), unha materia pendente do sistema educativo para formar o alumnado nas necesidades sociais e laborais do século XXI.

Ademais, o Decreto para o plurilingüismo favorece a participación e colaboración das familias na definición do marco lingüístico educativo e promove a lingua galega, co fin de favorecer a súa adquisición por parte de toda a comunidade educativa.

O Decreto para o plurilingüismo construíuse sobre o marco legal galego, tendo en conta a vontade dos galegos e das galegas expresada nas pasadas eleccións autonómicas, así como o resultado da consulta ás familias realizada en xuño de 2009. Ademais, o Goberno galego incorporou suxestións realizadas polas máis de trinta entidades que o Goberno galego escoitou no trámite de audiencia – entre elas o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega– e tivo en conta observacións da Mesa Sectorial de Educación e do Consello Escolar, así como o ditame recentemente realizado polo Consello Consultivo.

Froito deste esforzo por dialogar coas forzas sociais e políticas, cómpre salientar os máis de cincuenta cambios incorporados sobre o borrador inicial presentado en decembro de 2009, cos cales se garante que o novo decreto sexa un punto de encontro para a gran maioría da cidadanía galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

**A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DE BOLSAS DO CURSO 2010-2011  
PARA OS ESTUDANTES UNIVERSITARIOS GALEGOS RESIDENTES NO  
EXTERIOR**

- *Destinaranse 390.000 euros: douscentos setenta e tres mil en 2010 e cento dezasete mil euros nen 2011*
- *O obxectivo é que os cidadáns galegos no exterior poidan formarse no eido cultural e educativo galego*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o programa de bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior para a realización de estudos universitarios oficiais, intercambios universitarios e estudos de formación profesional para o curso académico 2010-2011.

Para esta convocatoria destínanse un total de trescentos noventa mil euros (390.000 €), distribuídos nas anualidades de 2010, cun importe de douscentos setenta e tres mil euros (273.000 €), e de 2011 por un importe de cento dezasete mil euros (117.000 €).

Con esta convocatoria de axudas preténdese que os cidadáns galegos no exterior poidan formarse no eido cultural e educativo galego, dentro das súas institucións educativas e académicas, co fin de contribuír ao fortalecemento das súas orixes galegas e dos vínculos coa súa terra.

O procedemento de concesión destas bolsas realizarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación e avaliación dos méritos achegados polos solicitantes. Como criterios obxectivos de avaliación terase en conta o expediente académico do interesado en función das materias aprobadas e as súas cualificacións, así como o emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda.

O modelo oficial de solicitude atópase á disposición dos interesados nas dependencias da Secretaría Xeral da Emigración, da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e nos enderezos da internet [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com) e [www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es).

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEGAMP PARA A ACTUACIÓN DOS GRUMIR**

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, un convenio de colaboración entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e do Medio Rural e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a actuación en emerxencia e tarefas de protección civil, prevención e extinción de incendios forestais.

Dende o ano 2002, a Xunta vén asinando convenios de colaboración coa FEGAMP, que permiten no marco do pacto local, a prestación por parte de concellos galegos de servizos de atención ás emerxencias, protección civil, protección do ambiente, prevención e extinción de incendios, e en xeral aquelas dirixidas á salvagarda das persoas, dos seus bens e do patrimonio público.

As consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a do Medio Rural colaboran no financiamento dos custos que supoñen a operatividade dos grumir estables que contratarán os concellos, a través dos seus orzamentos cunha achega única de 1.624.000 euros.

Ambas as consellerías a través das súas direccións xerais de Emerxencias e Interior, e de Montes respectivamente, levarán a dirección e coordinación destes grupos. A dirección xeral de Montes vai levar a cabo un curso teórico-práctico de formación básica sobre prevención e extinción de incendios forestais para os compoñentes dos grumir.

Mediante este convenio, que terá vixencia para efectos económicos para todo o ano 2010, regúlanse as condicións de funcionamento, colaboración e financiamento dun grupo estable e profesionalizado dos grumir das entidades locais galegas, vinculados á existencia dunha estrutura financiada a través de programas de emprego.

Os grumir interveñen en incendios forestais no seus respectivos municipios e concellos limítrofes, en incendios urbanos, en situacións derivadas de riscos naturais, nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca; colaboran coas autoridades competentes en aglomeracións de persoas en lugares e momentos determinados, en temas de seguridade viaria; realizan actividades e establecen medidas preventivas que diminúen e minimizan situacións de risco; e calquera outra intervención que implique colaboración cos concellos en materia de protección civil, ambiente, servizos sociais, sanidade, culturais, educativos e deportivos.



## **A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 9 MILLÓNS DE EUROS A IMPLANTAR A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NOS CONCELLOS GALEGOS**

- *A Administración autonómica e a Fegamp colaborarán na extensión da eAdministración nas entidades locais, segundo se recolle nun convenio aprobado hoxe no Consello da Xunta*
- *Poranse en marcha oficinas de atención presencial da Xunta nos municipios equipadas para que os usuarios poidan realizar os trámites administrativos de xeito telemático*
- *Crearase un catálogo de 85 procedementos telemáticos que se ofertarán aos concellos para a súa posterior implantación*
- *Integraranse novos servizos na web EidoLocal, potenciando os seus contidos e consolidando o seu uso na vida diaria municipal*
- *A Xunta facilitará ás entidades locais os seus sistemas de licitación e facturación electrónica*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da eAdministración nas entidades locais galegas coa finalidade de garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos públicos.

Con vixencia ata decembro de 2013, o convenio aprobado hoxe garantirá por parte da Administración autonómica a prestación do sistema de rexistro e información de todos os escritos e comunicacións destinados aos concellos a través das oficinas de atención presencial da Xunta e realizará os investimentos necesarios en infraestrutura e telecomunicacións para a correcta prestación do servizo.

O convenio, que se asinará proximamente, constitúe o marco xurídico no cal as entidades locais poderán asinar a súa adhesión e integrarse nas actuacións previstas no Plan eConcellos, que a través de dúas liñas estratéxicas, seis áreas de actuación e 17 iniciativas impulsará a implantación da Administración electrónica nos concellos galegos.

### **Plan eConcellos**

O Plan eConcellos, que conta cun orzamento de 9,1 millóns de euros ata o ano 2013, ten como obxectivo desenvolver a Administración electrónica nas entidades locais e garantir uns niveis homoxéneos de servizos dixitais para todos os cidadáns.

Para conseguir os obxectivos previstos no plan coordinaranse, potenciáranse e complementaríanse os proxectos xa iniciados, dándolle valor aos investimentos realizados e mellorando a penetración da eAdministración na sociedade galega, especialmente nos concellos de menos de 30.000 habitantes, que son os que rexistran máis dificultades.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O primeiro paso que recolle o plan é acadar a cooperación entre administracións nun marco de niveis homoxéneos de servizo. Unha vez obtido un nivel semellante na oferta e na calidade das prestacións nas catro provincias acometeranse accións conxuntas e desenvolverase a interoperabilidade entre as administracións galegas. A Xunta actuará como eixo de unión entre as entidades públicas galegas coordinando a compartición de información e documentos e será a porta de entrada cara ás administracións públicas estatais.

**Desenvolvemento do Plan**

As entidades locais, grazas á súa proximidade coa poboación, xogan un papel fundamental como canle e instrumento para a relación cos cidadáns por iso o Plan eConcellos busca simplificar e mellorar os circuítos de rexistro, modernizar a relación presencial coa cidadanía, facilitar o uso dos servizos telemáticos das administracións por parte dos cidadáns e evitar a exclusión por falta de recursos ou coñecementos. Todo isto implica a redefinición do modelo de rexistro do Portelo Único, existente ata agora, establecendo unha integración efectiva do rexistros propios da Xunta e a posta en marcha dun rexistro telemático integrado co Rexistro Xeral para posibilitar o envío dos documentos aos concellos de xeito telemático con sinatura dixital. Deste xeito evítase a ralentización na recepción da documentación e posterior tramitación e redúcense os tempos de xestión. Este proceso de modernización suporá a dotación de equipamento aos 315 concellos e ás 4 deputacións provinciais de Galicia, cun investimento aproximado de 2 millóns de euros.

Un dos primeiros pasos para modernizar a relación coa cidadanía previstos no plan é a creación nos concellos das oficinas de atención presencial ao cidadán da Xunta de Galicia, que actuarán como puntos de libre acceso e uso equipados cos medios precisos para que os usuarios poidan realizar os trámites administrativos de xeito telemático.

Ademais, a Xunta apoiará e complementará as iniciativas que se levan a cabo nas deputacións provinciais e crearase a Comisión galega de validación e adaptación telemática de procedementos administrativos que ten como obxectivo fundamental a elaboración dun catálogo de polo menos 85 procedementos telemáticos que se ofertarán aos concellos galegos. Posteriormente, os procedementos seleccionados polas entidades locais iranse implantando paulatinamente, comezando cun mínimo de 15 procedementos en 105 concellos.

Este proceso irá acompañado dunha serie de actividades formativas destinadas aos empregados públicos, profesionais, entidades cidadáns e aos veciños en xeral.

Tamén se porá á disposición dos entidades municipais un catálogo de sistemas para a eAdministración, o que implica a adaptación e cesión dos sistemas de licitación e facturación electrónica da Xunta para seren usados polas entidades locais e potenciar o

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

uso da Plataforma de Contratación de Galicia e do Rexistro Xeral de Contratistas polos concellos.

Por outra banda, o plan prevé afianzar o espazo dixital EidoLocal ([www.eidolocal.com](http://www.eidolocal.com)) como o portal das entidades locais, potenciando os seus contidos e que o seu uso se consolide na vida diaria municipal. A web disporá dun espazo privado que baixo o epígrafe, carpeta do concello, cada municipio poderá xestionar a súa relación coa Xunta así como dun espazo destinado aos servizos de apoio aos concellos e dun portelo único da relación de servizos prestados polas entidades locais.

Todas estas actuacións só serán posibles contando coas infraestruturas tecnolóxicas que aseguren unha alta dispoñibilidade dos servizos telemáticos das entidades locais. Así a Xunta posibilitará que as deputacións e os concellos se poidan adherir aos seus soportes de aloxamento e apoio de datos e aos servizos de identidade dixital. Ademais, as deputacións e concellos que o desexen poderán incorporarse ao esquema de comunicacións da Xunta de Galicia e aos servizos que se prestan.

Desde xeito xorde o nodo neutro da Administración de Galicia, en que a Xunta fomentará a cooperación e a interoperabilidade, interconectando entre si as entidades municipais galegas e o resto das administracións públicas estatais e europeas. Ademais, desde a Xunta realizaranse campañas de formación e sensibilización e as entidades locais contarán coa oficina de eConcellos para ter un soporte técnico e funcional sobre o desenvolvemento da Administración electrónica.

## MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCIÓN DE COLECTORES XERAIS E UNHA DEPURADORA EN FORCAREI

- *A Administración hidráulica de Galicia financia o 100% destes traballos*
- *A instalación dos colectores e a posta en marcha da depuradora, cuxo prazo de execución é de 10 meses, beneficiará a máis de 1.500 habitantes do concello pontevedrés de Forcarei*
- *A citada depuradora deséñase para tratar no futuro as augas residuais dos núcleos de Chamosa, Espindo, Gaxín, Cabanas, Pontefreixeira ou Covas*
- *O Goberno galego inviste nestas obras co fin de proporcionar melloras na calidade de vida dos cidadáns así como fomentar o desenvolvemento económico e social dos concellos galegos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un acordo polo que se aproba a colaboración técnica financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Forcarei para a instalación de colectores xerais e unha depuradora de augas residuais.

Augas de Galicia realiza unha achega económica de máis de 1,3 millóns de euros distribuídos en tres anualidades para a execución destas actuacións hidráulicas. Así, cabe citar que a Administración hidráulica de Galicia financia o 100% destes traballos.

O obxecto deste proxecto é definir as obras necesarias para a mellora do saneamento de auga nos núcleos de Casanova, A Ponte, Forcarei e Cachafeiro, mediante a ampliación da rede de colectores e construción dunha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR). A citada depuradora deséñase para tratar no futuro as augas residuais dos núcleos de Chamosa, Espindo, Gaxín, Cabanas, Pontefreixeira ou Covas. A depuradora precisará unha superficie aproximada de 1.875 m<sup>2</sup> útiles.

### **Infraestruturas hidráulicas**

Esta actuación pretende anular as depuradoras existentes en Forcarei e Cachafeiro, xa que resultan inadecuadas convertendo os seus depósitos soterrados en tanques de retención en paralelo á rede de colectores proxectada. Trátase de dous tanques cilíndricos iguais cuxas saídas da auga tratada funcionarán como aliviadoiros. Para devolver a auga á rede empregaranse dúas bombas somerxibles en cada tanque.

O departamento que dirixe Agustín Hernández colabora de xeito económico e técnico neste tipo de obras co fin de dotar de infraestruturas hidráulicas necesarias aos concellos con orzamento insuficiente para financiar as obras. Deste xeito, proporciónanse melloras na calidade de vida dos cidadáns, garantido tamén o desenvolvemento económico e social dos municipios galegos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A instalación dos colectores e a posta en marcha da depuradora, cuxo prazo de execución é de 10 meses, beneficiará a máis de 1.500 habitantes do concello pontevedrés de Forcarei.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA INVESTIRÁ 400.000 EUROS NA URBANIZACIÓN DA RÚA SEOANE E O CAMIÑO VELLO NO CONCELLO LUCENSE DE ANTAS DE ULLA**

- *Os traballos permitirán mellorar o estado de conservación da rúa Seoane e dotar de servizos o Camiño Vello do núcleo de Vilane*
- *O convenio remata o vindeiro 31 de decembro e beneficiará a case 2.500 habitantes de Antas de Ulla*
- *Estas actuacións forman parte do Plan HURBE, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe un orzamento de 400.000 euros para mellorar o estado de conservación da rúa Seoane e dotar de servizos o Camiño Vello do núcleo de Vilane. O investimento realizarase nunha soa anualidade.

O obxectivo que se pretende con esta actuación vai dirixido a mellorar a calidade dos espazos urbanos, solucionando problemas de infraestruturas urbanística, ademais de contribuír á súa conservación. Con isto, conseguirase mellorar a calidade de vida dos 2.500 veciños do municipio e fomentar o seu desenvolvemento económico e social.

Así mesmo, outra das prioridades do departamento que dirixe Agustín Hernández é fomentar a recuperación e a rehabilitación de núcleos rurais tradicionais co fin de revitalizar os asentamentos de poboación e así evitar o despoboamento do medio rural. Con estes propósitos, conseguirase a posta en valor do patrimonio existente en Galicia xa que se considera un cometido de interese público.

**Traballos que se van realizar**

Os traballos que vai realizar a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas irán encamiñados á instalación dun pavimento adecuado, luz pública axeitada, así como elementos de mobiliario urbano que acondicionen o contorno do municipio. Ademais, levarase a cabo a posta a punto dunha rede de saneamento no núcleo rural.

A colocación de pavimentación na rúa Seoane será mediante baldosas de pedra morena, semellantes ás existentes na zona. Para a implantación da luz pública será preciso executar unha canalización, un cableado e elementos de rexistro de mando. Os soportes do cableado serán de catro ou sete metros de altura e a luminaria estará fabricada en fundición de aluminio. O mobiliario será o que indiquen as necesidades finais, respectando o proxecto inicial.

Por outra parte, a instalación da rede de saneamento será subterránea mediante tubos de PVC. Os pozos de recollida serán de formigón e ladrillo e terán un metro de diámetro e 1,5 metros de altura.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

En definitiva, trátase de actuacións de mellora e conservación dos espazos públicos sen compoñentes de edificabilidade, polo que a súa execución se adapta ás determinacións da normativa urbanística aplicable.

**Obrigas da consellería e do concello**

A Consellería de Medio Ambiente fará unha achega de case 400.000 neste 2010. Medio Ambiente reserva para si o dereito de inspeccionar as obras tanto durante a súa execución coma ao seu remate. Pola súa parte, o Concello de Antas de Ulla deberá redactar o proxecto técnico das obras, así como realizar as xestións oportunas para a obtención de licenzas, e licitar e executar as obras. Ao remate do proxecto de acondicionamento e saneamento no municipio, o concello deberá facer entrega os xustificantes de gasto

A Comisión de Seguimento estará formada por un representante de cada unha das partes e deberá velar polo cumprimento do convenio, que finalizará o 30 de novembro deste 2010.

**Plan *HURBE***

Estas accións forman parte do Plan *HURBE*, programa que busca unha mellora da calidade dos espazos urbanos. O Plan *HURBE* significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, adecentamento os espazos públicos para buscar unha maior calidade de vida.

Os obxectivos deste plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan *HURBE* investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas, e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

## **A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE BANDE NAS OBRAS DE URBANIZACIÓN E INSTALACIÓN DE LUZ NO PARQUE CUNHA ACHEGA DE 230.000 EUROS**

- *Estas actuacións, enmarcadas no Plan HURBE, pretenden a revitalización dos espazos públicos dentro do núcleo urbano para uso e desfrute dos seus habitantes, mellorando a súa seguridade e calidade de vida*
- *O proxecto prevé a instalación de seis columnas de iluminación coas correspondentes luminarias dotadas de equipamento de baixo consumo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Bande para a execución da urbanización e instalación de luz pública de alta eficiencia enerxética no parque do municipio.

O Goberno galego achega un importe de preto de 230.000 euros na realización destas obras de mellora enmarcadas no Plan HURBE.

A actuación pretende a revitalización e adecuación dos espazos públicos dentro do núcleo urbano para uso e desfrute dos seus habitantes, contribuíndo a mellorar a súa seguridade e calidade de vida.

As accións centraranse na demolición de 1.696 m<sup>2</sup> de firme e escavación de gabia en terreos semiduros con utilización de medios mecánicos. Tamén se colocará tubo corrugado para a luz pública e instalarase cableado de dobre nivel. O proxecto contempla a instalación de seis columnas de iluminación coas correspondentes luminarias dotadas de equipamento de baixo consumo.

A Xunta de Galicia levará a cabo estas obras co fin de mellorar o contorno obxecto da actuación e a seguridade dos usuarios do parque, cumprindo a normativa sectorial das instalacións afectadas. En definitiva, trátase de actuacións de mellora e conservación dos espazos públicos, sen compoñentes de edificabilidade polo que a súa execución se adapta ás determinacións da normativa urbanística aplicable.

### **Obrigas**

Por unha parte, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas deberá participar no financiamento da actuación e reserva para si o dereito de inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao remate.

Por outra parte, o Concello de Bande obrígase a redactar o proxecto técnico dos traballos e realizar as xestións pertinentes para a obtención de permisos, licenzas e autorizacións precisas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Cómpre sinalar que se constituirá unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes do acordo. Todas as incidencias que poidan xurdir deste convenio serán formuladas a través desta comisión, que resolverá de mutuo acordo.

**Plan *HURBE***

Estas accións forman parte do Plan *HURBE*, actuación que busca un programa de mellora da calidade dos espazos urbanos. O Plan *HURBE* significa ordenar e priorizar os equipamentos e dar un contido corporativo a todo o mobiliario urbano, adecentamento dos espazos públicos para buscar unha maior calidade de vida.

Os obxectivos deste plan, que destinará preto de 100 millóns de euros para realizar 53 actuacións en algo máis de 40 concellos galegos, son fomentar a recuperación dos espazos de encontro para mellorar a opción de lecer dos cidadáns e contribuír ao reequilibrio territorial fixando poboación no medio rural.

Co Plan *HURBE* investiranse 34 millóns de euros para o programa de equipamentos públicos, 27,5 millóns de euros para a humanización de rúas, e 34 millóns de euros en programas de urbanización e mellora de espazos públicos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA GARANTE INVESTIMENTOS DE ATA 37 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA QUE BENEFICIARÁN A MÁIS DE 1 MILLÓN DE GALEGOS**

- *O Consello autoriza a sinatura dun novo convenio coas eléctricas que permitirá levar a cabo obras que, sumadas ás recollidas no convenio asinado en marzo, afectarán a 242 concellos de Galicia das catro provincias*
- *O obxectivo último da Consellería de Economía e Industria é garantir a mellora do servizo, sobre todo nas zonas rurais, e dotar dunha maior calidade de vida os galegos*
- *Este último convenio autorizado hoxe permitirá ao departamento de Javier Guerra apoiar as obras nun 30% no caso das grandes empresas e nun 40% no caso das pequenas e medianas empresas*

A Consellería de Economía e Industria garante investimentos de ata 37 millóns de euros destinados a actuacións de mellora da calidade da subministración eléctrica nos concellos galegos durante este ano 2010 e o 2011. O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun novo convenio entre o departamento que dirixe Javier Guerra e as empresas eléctricas que mobilizará un orzamento global de 12,7 millóns de euros, e que se une así aos 24,2 millóns de euros de investimento que recollía o convenio que se asinou o pasado 30 de marzo en Santiago.

A Xunta de Galicia garante, deste xeito, actuacións de mellora da calidade do subministración eléctrica na meirande parte dos concellos galegos co obxectivo último de beneficiar a poboación, sobre todo dos núcleos rurais, e levar a cabo accións de mellora na rede de distribución, e a optimización da calidade de subministración de enerxía eléctrica. Os dous acordos permitirán actuacións en aproximadamente 242 concellos que beneficiarán unha poboación de 1 millón de galegos.

Este último convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta permitirá á Consellería de Economía e Industria apoiar as obras amparadas por este novo documento nun 30% no caso das grandes empresas e nun 40% no caso das pequenas e medianas empresas.

As actuacións previstas neste novo convenio súmanse ás que se recollían no convenio asinado en marzo polo conselleiro de Economía e Industria coas eléctricas, e os dous acordos permitirán levar a cabo obras en aproximadamente 242 concellos galegos para a mellora do servizo eléctrico que repercutirán de xeito directo nunha maior calidade de vida para máis de 1 millón de galegos.

As accións encamiñadas a garantir a mellora da calidade da subministración eléctrica son un obxectivo prioritario do Goberno da Xunta e da Consellería de Economía e Industria, e as recollidas neste convenios supoñen un notable incremento con respecto ás obras levadas a cabo no periodo anterior.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Con estas actuacións, o Goberno galego traballa para impulsar melloras que aumenten a calidade das infraestruturas e servizos, e polo tanto a calidade de vida en todos os concellos de Galicia, porque é fundamental incentivar a mellora da calidade dos servizos eléctricos que as compañías prestan aos galegos para asegurar o axeitado desenvolvemento das nosas vilas e cidades e o respecto aos dereitos dos consumidores, garantindo a mellora continuada dos servizos de subministración enerxético.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA PROMOVE A EXPLORACIÓN DO GRAN BURATO PARA VALORAR A MAGNITUDE DE XACIGOS DE HIDROCARBUROS EXPLOTABLES NA COSTA GALEGA

- *O departamento que dirixe Javier Guerra achegará un pago anticipado sen necesidade de que a Universidade de Vigo presente garantías, para que o Grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental desta Universidade poida afrontar de inmediato a planificación da misión*
- *A Xunta fixo as xestións necesarias para que os investigadores da universidade dispoñan do buque oceanográfico Sarmiento de Gamboa sen ningún tipo de custo para eles*
- *A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, considera do máximo interese apoiar o Grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental da Universidade de Vigo no afondamento do estudo do Gran Burato para determinar con maior certeza a posible existencia de hidrocarburos explotables*
- *Investigadores de varias institucións científicas acharon no verán do 2007 fronte ás costas galegas, a uns 250 quilómetros ao oeste da ría de Muros e Noia, e dentro de augas españolas, o maior volcán submarino producido por unha erupción de gas atopado ata o de agora no mundo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Universidade de Vigo coa finalidade de que o seu Grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental leve a cabo unha exploración xeofísica e xeolóxica da zona coñecida como o Gran Burato co propósito fundamental de establecer a magnitude de posibles xacigos de hidrocarburos nas costas galegas.

O departamento que dirixe Javier Guerra achegará un pago anticipado sen necesidade de que a Universidade de Vigo presente garantías para que o Grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental da Universidade de Vigo poida afrontar de inmediato a necesaria implementación de equipamento específico e da loxística previa que leva aparellada esta exploración. Será de acordo á planificación da súa misión a bordo do buque oceanográfico Sarmiento de Gamboa, que estará á súa disposición sen ningún tipo de custo grazas ás xestións efectuadas pola Consellería de Economía e Industria.

Deste xeito, a Xunta e a Consellería de Economía e Industria instrumentan apoios a disposición dos investigadores co obxectivo de fomentar a investigación científico-técnica encamiñada a impulsar a creación dos instrumentos axeitados para mellorar o coñecemento dos nosos recursos minerais.

Investigadores de varias institucións científicas acharon no verán do 2007 fronte ás costas galegas, a uns 250 quilómetros ao oeste da ría de Muros e Noia, e dentro de augas españolas, o maior volcán submarino producido por unha erupción de gas atopado ata o de agora no mundo. O cráter ten uns tres quilómetros de diámetro e atópase a unha profundidade de entre 2.500 e 2.800 metros, e os expertos están

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

convencidos de que debaixo do bautizado como Gran Burato hai unha gran bolsa de gas.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, considera do máximo interese apoiar ao Grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental da Universidade de Vigo no afondamento do estudo do Gran Burato para determinar con maior certeza a posible existencia de hidrocarburos explotables.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA AMPLÍA NUN 33% O ORZAMENTO PARA APOIAR A COMPETITIVIDADE DAS PEMES A TRAVÉS DA SÚA CAPACIDADE INNOVADORA

- *Programa Innoempresa, dotado con 6 millóns de euros, inclúe tres liñas diferenciadas: a destinada a apoiar a innovación organizativa e a xestión avanzada; a orientada a promover a innovación tecnolóxica e a calidade, e a destinada a apoiar a innovación en colaboración*
- *Esta liña súmase ás destinadas polo Igape para apoiar a mellora da competitividade e a reorientación dos negocios, e para incentivar a competitividade mediante a cooperación no marco de proxectos colectivos*

A Consellería de Economía e Industria amplía en 2010, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), nun 33% con respecto a 2009 o orzamento destinado a apoiar a competitividade das Pemes a través da súa capacidade innovadora achegando un total de 6 millóns de euros mediante o programa Innoempresa. En virtude do acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Igape poderá realizar pagamentos adiantados do 50% das axudas concedidas ao abeiro desta liña sen requirir garantías aos beneficiarios.

Esta liña de axudas súmase ás xa aprobadas pola Consellería de Economía e Industria para promover a mellora da competitividade das pemes galegas, que constitúe un dos eixos estratéxicos prioritarios do plan re-Forza 2010, xunto coa internacionalización das empresas galegas. Para promover a mellora da competitividade e a reorientación dos negocios, o Igape dispón dun liña dotada con 8,3 millóns de euros para impulsar, entre outras accións, os investimentos tecnolóxicos ou os investimentos en equipamentos para empresas do sector servizos. Ademais, neste mesmo ámbito estratéxico, o Igape destina este ano 3,1 millóns de euros para apoiar melloras de competitividade a través da cooperación, ao abeiro de proxectos colectivos.

O Programa Innoempresa xestionado igualmente polo Igape inclúe medidas dirixidas a incrementar a capacidade innovadora das pequenas e medianas empresas – especialmente aquelas que teñan vocación de crecemento e capacidade de xerar innovación- como medio para aumentar a súa competitividade; outros dos seus obxectivos son os de contribuír ao crecemento sustentable e, en consecuencia, favorecer o emprego e a xeración de riqueza.

O Programa Innoempresa desenvólvese a través de tres liñas básicas de actuación: Innovación organizativa e xestión avanzada; Innovación tecnolóxica e calidade; e Proxectos de innovación en colaboración. As tres liñas están baseadas na utilización de instrumentos e procedementos de xestión xa contrastados para impulsar a promoción da competitividade das pemes mediante a innovación.

## A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN INVESTIRÁ PRETO DE 600.000 EUROS MÁIS NA RENOVACIÓN DO CEIP RAMÓN CABANILLAS, EN SANTIAGO

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao proxecto complementario para a mellora das infraestruturas de seguridade do centro*
- *Con esta obra, a Consellería completa as que xa se viñan realizando, investindo finalmente 4,5 millóns de euros*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén de ampliar o orzamento para as obras de renovación e reposición do CEIP Ramón Cabanillas, demostrando de novo o seu firme e decidido compromiso cos centros educativos da cidade de Santiago de Compostela. Co fin de instalar infraestruturas que melloren a seguridade deste colexio, destinaranse preto de 600.000 euros á colocación de condutos para garantir as renovacións necesarias de aire interior, protección dunha estrutura metálica contra o lume, de cara ás evacuacións do edificio; colocación dun alxibe cun grupo de bombeo para o caso de incendio e diversas actuacións que redundarán na seguridade da comunidade educativa.

Con esta obra, a Consellería completa os traballos que xa se viñan realizando, e que alcanzarán finalmente un investimento de 4,5 millóns de euros. A Consellería de Educación está a desenvolver traballos de renovación deste CEIP, co fin de convertelo nun centro de referencia na área de Compostela, e que permitirá dar unha mellor oferta educativa nesta zona.

Con esta ampliación de gasto, a Consellería demostra o seu compromiso co benestar da comunidade escolar no desenvolvemento diario das súas actividades, a través de diversas obras de reforma, adaptación, mellora e nova construción de centros educativos en toda Galicia.



## A XUNTA INCREMENTA O IMPORTE INICIAL DO CONVENIO ENTRE MEDIO RURAL, FEFRIGA E AFRICOR PARA A MELLORA DA RAZA FRISONA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio a tres bandas para desenvolver e financiar diversas actividades, dotada con 625.475,00 euros*
- *O acordo parte do feito de que a produción leiteira galega está baseada na explotación de femias da raza bovina frisona, e que todos os criadores desta raza en Galicia son socios da Federación Frisona Galega (Fefriga)*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o pasado 8 de xaneiro de 2010 coa Federación Frisona Galega (Fefriga) e as asociacións provinciais de control leiteiro (Africor) da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra para a realización de probas para determinar a calidade xenética do gando vacún leiteiro, no desenvolvemento do Programa galego de selección e mellora da raza frisona. O importe total desta addenda é de 625.475,00 euros.

O obxectivo do convenio é regular as condicións de cooperación entre Medio Rural, Fefriga e as asociacións de control leiteiro na tarefa de determinar e mellorar a calidade xenética do gando vacún frisón de Galicia, tendo en conta que a produción láctea galega está baseada na explotación de femias da raza bovina frisona e que todos os criadores desta raza na nosa Comunidade Autónoma son socios de Fefriga e teñen os seus animais inscritos no libro xenealóxico que xestiona esta federación.

O convenio de colaboración foi asinado por un importe de 700.000,00 euros para o mantemento das actividades que vai desenvolver Fefriga e vese reforzado con esta addenda para os traballos de control de rendemento leiteiro que desenvolverán as catro Asociacións provinciais de frisona para o control de rendementos.

### Competencias

Pola súa banda, a Federación Frisona Galega (Fefriga) leva a representación e defensa dos intereses dos gandeiros galegos, xestiona o libro xenealóxico da raza frisona en Galicia e participa activamente no desenvolvemento do Programa galego de transferencia embrionaria e na selección de femias de élite doadoras de embrións.

Por último, no que atinxe ás asociacións de control leiteiro (Africores), estas encárganse de planificar e desenvolver as actuacións de control leiteiro oficial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA COLABORARÁ CO INSTITUTO DE ESTUDOS EUROPEOS SALVADOR DE MADARIAGA PARA MELLORAR AS SÚAS APTITUDES EN MATERIA DE DEREITO INTERNACIONAL E EUROPEO DO MAR**

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun protocolo de colaboración entre a Consellería do Mar, a Asesoría Xurídica Xeral e o Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga para cooperar dende as perspectivas de asesoramento, docencia e investigación*

Ofrecer un maior coñecemento e mellorar as aptitudes en materia de dereito internacional e europeo do mar. Este é o obxectivo do protocolo de colaboración entre a Consellería do Mar, a Asesoría Xurídica Xeral e o Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga da Universidade da Coruña, que autorizou hoxe o Consello da Xunta. A finalidade é establecer un marco xurídico e institucional axeitado para impulsar a colaboración dende as perspectivas de asesoramento, docencia e investigación nestes temas.

Grazas a este protocolo de colaboración, as partes desenvolverán proxectos conxuntos que se plasmarán na realización de programas de investigación, promoción de certames e congresos, estudos, edicións de publicacións e outras actividades de interese. A Consellería do Mar considera fundamental que o seu persoal teña un coñecemento exhaustivo da normativa comunitaria para unha xestión máis áxil e eficaz das súas competencias e un mellor desempeño do traballo de cara á defensa do sector galego, con especial relevancia aos profesionais que traballan en augas comunitarias.

Cabe destacar que o Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga é, a día de hoxe, o único Instituto Universitario de Estudos Europeos en Galicia. Ademais, é o máis importante de Europa e o único especializado en dereito marítimo pesqueiro.

A colaboración da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta é importante á hora de dar a coñecer e difundir as políticas comunitarias, xa que é o órgano competente para o seguimento da normativa comunitaria e a representación e a defensa da Administración autonómica ante os organismos internacionais.

## AS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO SERÁN APROBADAS INICIALMENTE NO MES DE XUÑO

- *Consello da Xunta foi informado hoxe do contido do documento e da súa tramitación*
- *Mañá presentarase as DOT no seo do Consello Galego de Medio Ambiente*
- *O obxectivo do Goberno galego é obter a súa aprobación provisional e iniciar a súa tramitación parlamentaria a finais de 2010*
- *Coa idea de buscar un acordo polo territorio, o documento mantén un fío condutor conceptual cos anteriores documentos aprobados, aínda que presenta algunhas actualizacións*
- *As DOT incorporan outros plans ou leis aprobadas posteriormente, completan capítulos que quedaron pouco desenvolvidos e, logo de reiniciarse a tramitación ambiental, incorporan criterios ambientais e de sustentabilidade no documento*

As directrices de Ordenación do Territorio serán aprobadas inicialmente no mes de xuño e sometidas ao período de participación pública e consultas co obxectivo de obter a súa aprobación provisional e iniciar a súa tramitación parlamentaria a finais de 2010. O Consello da Xunta foi informado hoxe do documento para a aprobación inicial das DOT, que tamén será presentado mañá venres na reunión do Consello Galego de Medio Ambiente.

As directrices son o modelo que achega a visión global da ordenación territorial de Galicia e configuran un instrumento co cal se pretende orientar os procesos de planificación e guiar aquelas intervencións que teñan incidencia no territorio, establecendo normas que serán completadas con instrumentos específicos para ordenar os procesos de desenvolvemento que se dan no territorio.

As DOT xa foron aprobadas inicialmente polo anterior goberno, pero a tramitación seguida incumpriu, entre outros aspectos, a lexislación ambiental ao aprobarse con anterioridade á emisión do preceptivo documento de referencia ambiental. A actual Xunta tomou a decisión de retraer o expediente ao inicio da tramitación ambiental, volvéndose así a expoñer ao público o documento de inicio, así como o consecuente documento de referencia ambiental.

### Novidades

O documento presentado hoxe no Consello ten o obxectivo histórico de pechar un proceso que comezou no ano 1995 coa aprobación no Parlamento da Lei de ordenación do territorio de Galicia. Coa idea buscar un consenso e acordo polo territorio, o documento mantén un fío condutor conceptual cos anteriores documentos aprobados (hipóteses, avance e aprobación inicial), aínda que presenta algunhas actualizacións en materia legal, xa que incorpora leis e plans aprobados posteriormente, como a Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia ou o Plan MOVE.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Ademais, o reinicio do proceso de avaliación ambiental estratéxica permitiu incorporar nesta nova fase os criterios de sustentabilidade establecidos no documento de referencia emitido polo órgano ambiental, polo que a sustentabilidade ambiental e social se converten nun eixo transversal para propoñer estratexias de planificación.

**Esquema do modelo de asentamento**

Establécese un sistema de asentamentos graduado que cobre axeitadamente a totalidade do territorio galego e que mantén a mesma estrutura que os anteriores documentos aprobados en Galicia (hipóteses, avance e aprobación inicial). Defínense catro niveis básicos de asentamentos:

- **Rexións e áreas urbanas**, que son os espazos configurados arredor das cidades
- **Sistema urbano intermedio**, formado por núcleos de mediano tamaño entre os 7.000 e os 20.000 habitantes, centros dinámicos social e economicamente enfocados a asumir unha maior centralidade e protagonismo
- **Nodos para o equilibrio do territorio**, distribuídos para fixar poboación, dotar de servizos e impulsar novas actividades e centralidades.
- **Núcleos principais municipais**, que permiten articular o espazo municipal

Cabe salientar que a denominación rexións urbanas – áreas urbanas supón un novo concepto mais clarificador da organización dos espazos que se articulan no contorno das cidades. O obxectivo principal desta medida é desvincular a planificación territorial supramunicipal dos avatares políticos e da falta de consenso nos ámbitos metropolitanos, xa que -deste xeito- se independiza a planificación das rexións e áreas urbanas da organización política e dos entes administrativos metropolitanos.

Neste senso, propónse que serán posteriores plans territoriais integrados os que delimiten as rexións e áreas urbanas unha vez estudadas en detalle. O ámbito poderá basearse en calquera dos criterios establecidos neste documento, na lexislación de ordenación do territorio vixente, ou tamén dun acordo inicial dos concellos integrantes, favorecendo a participación e implicación destes na súa ordenación territorial.

**Planificación integral**

Por outra banda, planéase un modelo territorial para toda Galicia, xa que o documento anterior estaba moi centrado no ámbito urbano e nas infraestruturas de obras públicas. Nesta nova fase procurouse completar o documento nos capítulos que quedasen pouco desenvolvidos ou pouco presentes como é o caso do medio rural.

Segundo as DOT, o espazo rural exige unha política ordenadora transversal en que se integren dun xeito coordinado os instrumentos territoriais definidos pola Lei 10/1995, de ordenación territorial de Galicia, cos planeamentos municipais e con outros marcos reguladores de singular incidencia como a Lei 7/2008, da paisaxe de Galicia, a Lei 9/2001, de conservación da natureza ou a estatal Lei 45/2007, de desenvolvemento sustentable do medio rural.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Por outra parte, identifícase unha especialización produtiva agropecuaria que permitirá a individualización de áreas subrexionais de certa uniformidade segundo a vocación produtiva. Esta deriva na formación de paisaxes similares e de dinámicas de transformación territorial, que se fan preciso identificar coa finalidade de implementar políticas de desenvolvemento integral do territorio rural.

**As infraestruturas**

Ao igual que no documento anterior, as infraestruturas continúan a ser un elemento clave para a construción do territorio galego. Non obstante non se lles outorga o protagonismo que noutros documentos tiñan. É especialmente subliñable que se desenvolven moito máis as infraestruturas de servizos, como o sistema de auga, tanto de saneamento como de abastecemento, así como o tratamento que se lle dá á mobilidade e ao transporte cara a conseguir un territorio mais sustentable e unha mellora da calidade de vida dos cidadáns.

Por outra banda, a aprobación no ano 2008 da Lei de protección da paisaxe de Galicia fixo necesario afondar nos aspectos paisaxísticos do documento así como comezar a desenvolver os criterios que esta lei establece, nas DOT como marco xeral, pero abrindo xa a posibilidade de desenvolvemento a través de documentos posteriores.

**Obxectivos**

As directrices de Ordenación do Territorio de Galicia fan súas as liñas de acción fundamentais da política territorial da Unión Europea: o desenvolvemento dun sistema equilibrado e policéntrico de cidades e unha nova relación entre campo e cidade; a garantía dun acceso igualitario ás infraestruturas e ao coñecemento; a protección da natureza e do patrimonio cultural; e o desenvolvemento sustentable.

Para acadar este reto, as directrices formulan unha serie de iniciativas e obxectivos territoriais, como a de lograr unha maior integración de Galicia cos ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo, aproveitando a súa localización singular na fachada atlántica europea, así como coa potenciación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Tamén será necesario fortalecer os sistemas de asentamento, potenciando as súas funcións, apoiando a súa diversificación, facilitando toda nova implantación ordenada da actividade produtiva, residencial, de equipamento cultural, ocio, lecer, ambiental ou enriquecemento natural; e establecer as rexións urbanas como marcos de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos de ámbitos supramunicipais.

Potenciaranse as cidades de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís para artellar un sistema policéntrico de entidades urbanas que lideren os procesos de desenvolvemento e innovación e articularase a formación de agrupacións voluntarias de concellos para a cooperación supramunicipal, orientada á prestación e xestión en común de servizos

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

colectivos; tamén se intentará consolidar unha rede de vilas e pequenas cidades capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos ao conxunto do territorio.

En definitiva, as DOT presentadas esta mañá actualizan o documento anterior con outros plans ou leis aprobadas posteriormente, e completan os capítulos que quedaron pouco desenvolvidos, como é o caso do medio rural; e logo de reiniciarse a tramitación ambiental, incorporan criterios ambientais e de sostibilidade no documento.



## **SANIDADE REALIZA MELLORAS NOS TRÁMITES ADMINISTRATIVOS PARA GARANTIR A IGUALDADE EFECTIVA NO ACCESO Á ATENCIÓN SANITARIA PÚBLICA**

Por mor dos novos requirimentos do rexistro poboacional de tarxeta sanitaria e da experiencia acumulada, a Consellería de Sanidade observou a urxente necesidade de renovar os criterios de procedemento do persoal administrativo asignado nos centros de saúde, coa fin de garantir a igualdade efectiva no acceso á atención sanitaria pública na nosa Comunidade Autónoma.

A principal necesidade que xorde é establecer pautas comúns para normalizar procesos que, ata a actualidade, non se desenvolvían de forma homoxénea, o que estaba a orixinar situacións de inequidade para a cidadanía.

### **Colectivos beneficiados**

Entre os colectivos que se benefician desta normalización dos procedementos están os desprazados con tarxeta sanitaria doutras comunidades autónomas; os mutualistas de MUFACE, MUGEJU e ISFAS que residen nas zonas rurais para as que teñen subscrito convenio co Sergas; todos aqueles españois residentes no exterior que teñan recoñecido o dereito a asistencia sanitaria en Galicia; e, en cuarto lugar, os cidadáns europeos portadores da tarxeta sanitaria europea ou formularios de convenios bilaterais internacionais.

No ámbito dos dereitos, xurdiron diversos colectivos que se atopaban con problemas para asignación dun médico habitual e non tiñan posibilidade, ata o momento, de obter cita telefónica, como era o caso dos cidadáns coa consideración de "desprazado" por mor de ter dúas residencias diferentes, a temporal e a habitual, por motivos laborais, de estudos ou calquera outro. A partir de agora, o principal punto que hai que salientar é a posibilidade de obter cita para consulta vía telefónica para todos estes colectivos, ata o momento sen resolver.

Ademais, Sanidade normaliza os criterios e motivos para a asignación de médico habitual, o documento de identificación uniforme (tarxeta de asistencia a desprazados), os períodos de duración con tal consideración e, ademais, a posibilidade de prórrogas (causas, períodos e tramitación).

Cómpre destacar a novidade que beneficia os traballadores desprazados por mobilidade laboral xa que se amplía o prazo para seguir coa asignación de médico ou pediatra habitual, que terá como límite máximo a finalización do contrato laboral que motivou o desprazamento, feito de especial importancia para que os beneficiarios do traballador poidan realizar os controis de protección e promoción da saúde, así como a revisión da súa saúde.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Igualdade efectiva**

Polo que atinxe ao ámbito de garantir a igualdade efectiva, normalízanse unha serie de trámites xerais na Comunidade Autónoma, co fin de garantir a equidade no acceso á provisión de asistencia sanitaria pública, como son os criterios para o cambio de médico de cota ou os criterios xerais de derivación dos cidadáns desprazados á atención especializada hospitalaria, así como a normalización de documentos que acreditan o dereito de acceso á asistencia sanitaria pública, entre outros.

**TRABALLO E BENESTAR PRIORIZARÁ O COLECTIVO DE MULLERES DESEMPREGADAS NAS SÚAS ORDES DE AXUDAS EN 2010**

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería de Traballo e Benestar sobre as actuacións transversais que está a desenvolver para garantir a equidade entre homes e mulleres*
- *O departamento autonómico agrupa en 13 liñas de actuación as medidas que está a levar a cabo en materia de igualdade de xénero*
- *No proceso do diálogo social débátese un plan específico de emprego feminino e as bases para a elaboración da Lei galega de inclusión social, que introducirá accións positivas relativas á igualdade de xénero*

As ordes de convocatoria da Consellería de Traballo e Benestar para este ano consideran a muller desempregada como un colectivo preferente á hora de realizar a selección das persoas beneficiarias das distintas medidas de políticas activas de emprego co obxectivo de paliar as cifras de desemprego no sector feminino. O departamento autonómico informou hoxe no Consello da Xunta sobre esta medida e outras actuacións transversais en materia de igualdade de xénero que está a desenvolver sempre en coordinación coa Secretaría Xeral de Igualdade.

Así, por exemplo, no documento que se abordou no Consello sinálase que nas axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais ou nos programas de apoio á contratación, ao emprendemento e para fomentar a integración laboral das persoas con discapacidade xa se considerou a muller desempregada como colectivo preferente. Ademais, na convocatoria relativa ás escolas obradoiros, casas de oficios e obradoiros de emprego recóllese o acceso preferente a estes programas das mulleres vítimas de violencia.

Dentro do colectivo de mulleres desempregadas, nas ordes de Traballo e Benestar considéranse este ano grupos de atención prioritaria as mulleres desempregadas que fosen contratadas despois de 5 anos de inactividade laboral; aquelas que sexan contratadas nos 24 meses seguintes á data do parto, da adopción ou do acollemento; as mulleres responsables dunha familia monoparental e con cargas familiares; mulleres que abandonasen o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral; e aquelas con discapacidade, entre outros grupos.

A priorización do colectivo de mulleres desempregadas nas ordes de axudas da Consellería de Traballo e Benestar é unha das 13 liñas de actuación que está a desenvolver a área autonómica en materia de igualdade de xénero. Son 13 eixes que inclúen numerosas medidas transversais.

Así, ademais de incorporar a dimensión de xénero no acceso, promoción e mantemento das mulleres no mercado laboral destaca o feito de establecer medidas de impulso á consecución da corresponsabilidade e da igualdade entre as mulleres e homes; motivar e

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

apoiar as empresas galegas para que adopten medidas tendentes á igualdade; levar a cabo intervencións no eido da formación e do desenvolvemento ocupacional; garantir a efectividade do principio de igualdade a través de medidas no ámbito das relacións laborais; integrar esta materia nas políticas preventivas de riscos laborais e da saúde laboral; establecer un plan xeral de emprego que estableza avances na igualdade de xénero; promover as medidas para a conciliación da vida familiar e laboral; procurar a inclusión social e laboral das mulleres e dos homes en clave de igualdade; apoiar a formación do colectivo de menores en situación de desprotección familiar; recoñecer o labor das persoas coidadoras; garantir a equidade no colectivo da discapacidade; e, por último, dinamizar o mercado dos servizos sociais nun contorno de igualdade de oportunidades a través do Plan Sociolaboral de Galicia, que forma parte do Plan de Actuación Social 2010-2013.

**Conciliación da vida familiar e persoal**

Así, por exemplo, no eixe da conciliación da vida laboral, persoal e familiar, o Goberno galego aposta por non caer no establecemento de medidas de conciliación pensadas unicamente para as mulleres, xa que cómpre romper coa visión histórica e tradicional que lle adxudica ás mulleres as obrigas do traballo doméstico e de coidados. Polo tanto, a Xunta está a apostar por facer extensivo ás mulleres e aos homes o dereito á conciliación.

Ademais, no proceso do diálogo social estanse a debater outras medidas que contribuirán á mellora da igualdade de xénero en material laboral e social. Entre os obxectivos prioritarios do Plan Xeral de Emprego 2010-2013 recóllese un importante avance na igualdade de xénero visualizada nun plan específico do emprego feminino.

Por outra banda, o Plan de Actuación Social 2010-2013 inclúe a posta en marcha dunha nova Lei de familia (o Consello deu o visto e praxe a semana pasada ao informe de anteproxecto desta normativa) que respecta o principio de igualdade e corresponsabilidade dos homes e das mulleres.

Así mesmo, o Plan de Actuación Social traerá consigo a creación de 4.500 prazas de escolas infantís de 0 a 3 anos entre 2010 e 2013, o reforzo das axudas económicas para compensación da redución de xornada para pais e nais e o impulso de novos métodos de organización do traballo respectuosos coas necesidades familiares, que implicarán o sector público e empresarial no fomento das medidas de flexibilización da xornada laboral dos traballadores e traballadoras.

No proceso de diálogo social estanse a debater, ademais, as bases para a elaboración da Lei galega de inclusión social que introducirá accións positivas relativas á igualdade de xénero.

Outra das medidas que hai que destacar é o Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013 en que se abordan de forma transversal todos

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

os aspectos relativos a este heteroxéneo colectivo. Na actualidade, o departamento autonómico está a elaborar o documento cos axentes sociais.